

CIRCULAR Nº 2: ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Estimadas familias:

A resolución do 25 de Setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación (**D.O.G. 08/10/2018**) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios. Para a súa información notifícolle, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as.

1.- CONSELLO ESCOLAR

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición é a seguinte:

- Director/a do centro
- Xefe/a de estudos
- Secretario/a (con voz pero sen voto)
- 5 Profesores/as elixidos/as polo claustro
- 5 Pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA)
- 1 Representante do Concello
- 1 Representante da administración e servizos

Os membros do Consello escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso cómpre facer unha renovación e de acordo coa lexislación vixente, no sector pais/nais de alumnos/as, corresponde **renovar *3 dos seus membros***. Os criterios serán:

- 1º- Os que cumpren o período establecido de 4 anos.
- 2º- A voluntariedade.
- 3º- Membros que lles queden menos tempo de pertencer á Comunidade Educativa.

2.- XUNTA ELECTORAL

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha XUNTA ELECTORAL formada por:

- Director/a do centro
- 1 profesor/a (elixido en sorteo público).
- 1 pai/nai de alumno/a (elixido en sorteo público).
- 1 membro da administración e servizos (elixido en sorteo público).

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

a) Electores

Son o pai e a nai ou os titores legais (**poden votar os dous**) dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcripción**), se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro póñalo en coñecemento antes do día 15 de novembro para que o secretario/a proceda á súa rectificación, e o comunique á Xunta electoral para a súa aprobación.

b) Elixibles

Todos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo a Xunta Electoral, para iso pode facer Vde. unha solicitude dirixida á Xunta Electoral ou ben na conserxería do colexio o impreso oficial aprobado pola Xunta Electoral, (tamén pode pedilo a través do/a seu/súa fillo/a.)

O prazo de presentación de candidaturas será do 7 ao 16 de novembro (ambos incluídos) e debe entregar Vde. a súa solicitude na secretaría do centro, en horario de 09:30 a 14:30.

c) Elección

A votación para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase entre os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral o vindeiro día **26 de novembro** no colexio diante dunha mesa electoral constituída por:

- A directora do centro, que será a súa presidenta,
- Catro pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o día 19 de novembro ás 16:30 horas na sala de profesores do colexio).

A Xunta Electoral acordou que o horario de votación sería de 13:30 a 19:30 horas. Ao remate farase o escrutinio público dos resultados.

O voto será directo, segredo e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo e fará constar na papeleta un máximo de dous nomes.

d) Supervisores

Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio, ben propostos/as pola ANPA do centro, ben avalados/as pola sinatura de **dez** pais/nais.

A aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación. (A lo menos 4 días antes das eleccións)

Ós membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente

Para máis información sobre o proceso consultar la lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia sección Consello Escolar de Galicia

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa e recordamos que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais de alumnos/as se presenten o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

E co noso ánimo a que participen tanto como candidatos/as como electores/as neste proceso,

Reciban un cordial saúdo:

A DIRECTORA (PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL)